

## **CIG-Servizos convoca unha manifestación de vixilantes na apertura do IKEA coruñés**

CIG-Servizos anima todos os vixilantes de seguridade a asistir á manifestación que convocou en coincidencia coa inauguración do IKEA na Coruña o 20 de xullo. A protesta servirá para dar a coñecer á cidadanía as demandas do sector, que reclama un convenio digno e con dereitos. A marcha dará comezo ás 10:00 horas. 09/7/10.

A Federación de Servizos da CIG retoma deste xeito as mobilizacións debido á continua parálise que está a atravesar a negociación do convenio.

De seguido reproducimos o último comunicado do sector da seguridade privada da CIG-Servizos:

*Como xa sabedes, o pasado xoves 24 de xuño tivo lugar unha nova xuntanza de negociación do Convénio Colectivo de Seguridade Privada. E novamente, asistimos a unha vergoñenta situación na cal a patronal, coa sua chulería habitual, mesmo retirou a sua anterior oferta salarial (0% no 2009, 0,3% no 2010), para non ofrecer nada e pospoñer a negociación a outubro, a cal seguirá ou non "en función da situación económica do estado español". Todo apunta a seguir sen convenio xa non só o 2009 e o 2010, senón probablemente o propio 2011. Desta volta todas as centrais sindicais (afortunadamente) manifestamos unitariamente o noso rexeitamento a esta postura.*

*Desgrazadamente, non podemos falar na seguridade privada nen sequer de conxelación salarial. O que está acontecendo é **perda de poder adquisitivo**. E isto é facilmente explicable. De entrada, xa perdimos o IPC final dos anos 2008 (1,4%) e 2009 (0,8%). Igualmente, no 2010, o Goberno do estado español subeu o IRPF en 400 euros, o que representa exactamente un 2,57% sobre o salario dun Vixiante de Seguridade en cómputo anual. Asimesmo, a suba do 2% no IVA en todos os produtos de consumo a partires de xullo do 2010, fai que o total acumulado de perda salarial real e directa sexa desde o 2009 dun 6,77%. É dicir, **desde o ano 2009, temos de perda de poder adquisitivo 87 euros mensuais e 1051,5 euros anuais**. Os traballadores e traballadoras da Seguridade Privada non estamos co salario conxelado, estamos perdendo cartos. E namentres as empresas seguen a actualizar os prezos aos clientes e continúan a manter as suas marxes de beneficio.*

*Non queremos nesta folla informativa voltar a falar da lamentábel actuación sindical que non é capaz de topar saídas a esta situación. O único que temos claro desde a CIG é que isto non pode seguir así. Non podemos permanecer calados como traballadores e traballadoras e seguir a perder dereitos. Non podemos estar quietos namentres nos chulean e rouban o salario que gañamos traballando todos os meses. Hai que mobilizarse e loitar.*

*É por ese motivo polo cal, desde a CIG, decidimos retomar as mobilizacións por un Convénio Digno e con Dereitos, entendendo que só este camiño será o que nos permita recuperar o que nos están roubando. E **comezaremos na Coruña, o día 20 de xullo, realizando unha concentración-manifestación coincidindo coa apertura do IKEA nesta cidade**. Pensamos que é unha boa ocasión para dar a coñecer a situación do sector a toda a cidadanía que acuda a esta inauguración. Participa e loita!!.*

**20 de xullo, ás 10:00 h., todos e todas á inauguración do IKEA na Coruña!!**

Adxunto	Tamaño
<a href="#">Comunicado sobre a manifestación en IKEA</a> [1]	42.09 KB

**Novas relacionadas:** [A Audiencia Nacional considera que os asuntos propios na seguridade privada computan como tempo traballado](#) [2]

[A patronal da seguridade ampárase no decretazo para empeorar a súa oferta](#) [3]

[O convenio galego é a única saída viábel para satisfacer as demandas dos vixilantes](#) [4]

[Os vaivéns dos sindicatos españois encoraxan a patronal da seguridade privada](#) [5]

[UGT apraza a súa folga na seguridade privada](#) [6]

[CIG-Servizos oponse á folga da UGT na seguridade privada por non pedir melloras](#) [7]

[CIG-Servizos só apoiará a folga de UGT na seguridade privada para acadar melloras](#) [8]

[Retómanse as mobilizacións na seguridade privada](#) [9]

[CIG-Servizos mobilizarase ante o bloqueo do convenio de Seguridade privada](#) [10]

Adxunto

Tamaño

[As propostas patronal e de UGT e USO na Seguridade privada son insuficientes](#) [11]

[CIG-Servizos presenta a súa propia plataforma de convenio para a Seguridade privada](#) [12]

[UGT e USO avalan a proposta da patronal da Seguridade privada, que non inclúe melloras salariais](#) [13]

[UGT e USO rachan a unidade sindical na Seguridade privada](#) [14]

- [A Coruña](#)
- [IKEA](#)
- [manifestación](#)
- [mobilizacións](#)
- [negociación colectiva](#)
- [seguridade privada](#)

## Ligazóns:

[1] [http://www.cigservizos.org/sites/default/files/nova/2010/07/comunicado\\_sobre\\_a\\_manifestaci\\_n\\_en\\_ikea\\_12763.pdf](http://www.cigservizos.org/sites/default/files/nova/2010/07/comunicado_sobre_a_manifestaci_n_en_ikea_12763.pdf)

[2] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.07.07/audiencia-nacional-considera-que-os-asuntos-propios-na-seguridade-privada-computan-c>

[3] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.06.25/patronal-da-seguridade-amparase-no-decretazo-para-empeorar-sua-oferta>

[4] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.04.20/o-convenio-galego-e-unica-saida-viabel-para-satisfacer-demandas-dos-vixilantes>

[5] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.04.13/os-vaivens-dos-sindicatos-espanois-encoraxan-patronal-da-seguridade-privada>

[6] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.03.26/ugt-apraza-sua-folga-na-seguridade-privada>

[7] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.03.25/cig-servizos-oponse-folga-da-ugt-na-seguridade-privada-por-non-pedir-melloras>

[8] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.02.01/cig-servizos-so-apoiara-folga-de-ugt-na-seguridade-privada-para-acadar-melloras>

[9] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.12.04/retomanse-mobilizacions-na-seguridade-privada>

[10] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.28/cig-servizos-mobilizarase-ante-o-bloqueo-do-convenio-de-seguridade-privada>

[11] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.09/propostas-patronal-e-de-ugt-e-uso-na-seguridade-privada-son-insuficientes>

[12] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.09.24/cig-servizos-presenta-sua-propia-plataforma-de-convenio-para-seguridade-privada>

[13] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.09.18/ugt-e-uso-avalan-proposta-da-patronal-da-seguridade-privada-que-non-inclue-melloras>

[14] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.07.18/ugt-e-uso-rachan-unidade-sindical-na-seguridade-privada>